



Programa de actividades de fomento da lectura

Bibliotecas Públicas Municipais

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

2013-2014

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

Esther Garrido Pan

Concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística
Correo electrónico: e.garrido@oleiros.org
Centro Cultural A Fábrica / Rúa do Inglés, 13, 15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 610 000 Ext.:4912

M^a Luz Corral Uzal

Bibliotecaria municipal
m.corral@oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227 A, 15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511 - Fax : 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

1 ▶ Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

- Presentación
- Catálogo dos fondos bibliográficos, páxina web e blog

2 ▶ Actividades de promoción da lectura

- Obradoiro de curtametraxes
- Abrapalabra
- Hip Hop poema pop
- Leixaprem: Martín Codax
- XXIII Campaña de promoción da lectura
- Contos terribles
- O cole de Lonxedetodo
- Viaxe a París
- Un conto de tres noites: contacontos a partir da adaptación desta obra de Xabier P. Docampo
- Xeografía do imaxinario: contos e lendas da mitoloxía galega
- Obradoiro Instantáneas de plastilina
- Obradoiros de ilustración





Programa de actividades de fomento da lectura

Bibliotecas Públicas Municipais

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

2013-2014

2 ► **Actividades de promoción da lectura** *(continuación)*

- Talleres de banda deseñada
- Encontros con escritores/as
- A extracción da poesía a cargo de Enma Pedreira
- Obradoiro infantil de poesía a cargo de Yolanda Castaño
- Obradoiro xuvenil de poesía a cargo de Yolanda Castaño
- O corazón delator e outros contos: contacontos baseado en obras de Edgar Allan Poe
- Contos de candil que ninguén cre: contacontos a partir da adaptación de obras de Ánxel Fole
- Un conto de Nadal: contacontos a partir da adaptación desta obra de Charles Dickens
- “La voz a ti debida”: recital de diferentes poesías desta obra de Pedro Salinas
- Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda
- A favor da igualdade: “Príncipas e princesos” e Contos contados con todas e todos
- Mulleres que corren con lobos
- Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil: Contos con ovos
- Día do Libro: “Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres”
- Conmemoración do Día das Letras Galegas: actividades sobre Xosé María Díaz Castro
- Guías de lectura e recomendacións bibliográficas
- Club de Lectura Xuvenil Rialeda
- Hora do conto e narración de contos
- Talleres de lectura e tertulias literarias
- Roteiro cultural e literario



1. Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais ► Bibliotecas



O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros está formado por unha **Biblioteca Central, situada en Perillo e sete bibliotecas auxiliares localizadas en Santa Cruz**, onde está instalado o Centro de Do-

documentación da Muller Rosalía de Castro, **Oleiros, Mera, Dorneda, Nós, Lorbé e Montrove.**

Posúen, en total, **463 postos de lectura en sala, un fondo bibliográfico duns 146.247 libros e 15.079 materiais especiais: DVD (películas, documentais...), CD e CD-ROM, 149 títulos de publicacións periódicas abertas, 37 ordenadores para consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e 13 impresoras para a utilización das persoas usuarias, para servir a unha poboación de 34.809 habitantes.**

Todas as bibliotecas teñen wi-fi para conectarse a Internet de forma gratuíta e o seu acceso é libre e gratuíto.

Nas salas de lectura todos os fondos están en acceso directo, polo que calquera persoa pode coller o libro que desexe para consultalo ou lelo dentro da biblioteca. Para levalo en préstamo deberá ser socio/a dalgunha das oito bibliotecas municipais, para isto só necesita cubrir un impreso e xa se lle realiza a tarxeta de lector/a. Desta forma pode levar prestados para a casa un máximo de 3 libros + 2 materiais audiovisuais (CD, DVD, CD-ROM etc).

O **catálogo** dos fondos bibliográficos pode consultarse na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

A **páxina web** é

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>

Tamén pode visitar o **blog**:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Se comparamos o número de habitantes do municipio co total de libros comprobamos que os 146.247 volumes **equivalen a 4,2 libros por habitante**, o que nos sitúa por riba da media de Galicia.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Obradoiro de curtametraxes

A cargo do director de cine
Xes Chapela

Descrición

Libros, imaxes, curtametraxes.
Fai a túa curtametraxe a partir
de textos de libros. Obradoiro
creativo impartido polo xornalista
e director de documentais Xes Chapela, premio González
Sinde 2011 do Ministerio de Cultura e galardoado co Premio
Mestre Mateo 2010 ao mellor longametraxe documental
por “*Jazz en liberdade*”.

Obxectivos

- Promover a lectura e o cinema.
- Fomentar a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño. Esta actividade levaríase a cabo
en catro sesións de diferentes días. Cada sesión dura dúas
horas.



Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros
de ensino público que o soliciten.

Actividades

Explicación de como se pode realizar un curto: sinopse,
argumento, escenas e realización dunha curtametraxe.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



ABRAPALABRA

A cargo da compañía Matapiollos Teatro

Descrición

Espectáculo de maxia, poesía, contos e xogos de palabras, contando coa colaboración dos nenos e nenas.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatral con maxia e xogos de palabras. Unha maneira de gozar da maxia de forma divertida e participativa e de promover a utilización dos libros desta temática.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



HIP HOP poema pop

A cargo de Modestos
contos de Broadway



Descrición

Concerto e obradoiro interactivo de música, poesía, pintura e danza a cargo de Juan Carlos Vázquez (compositor, pianista e pintor) e o mestre de cerimonias e cantante Julio Couselo.

Contextualización do fenómeno “hip-hop”. Presentación da actividade facendo alusión aos compoñentes fenomenolóxicos da chamada “cultura hip-hop” (música, danza, literatura, pintura urbana e a súa relación co deporte e o espírito san). Breve mención aos aspectos técnicos deste tipo de música desde un punto de vista da teoría clásica da música (a relación do “rap” e “hip-hop” con certas técnicas compositivas empregadas na música litúrxica (a salmodia gregoriana) e a ópera (o recitativo).

Obxectivos

- Promover a música e a lectura.
- Fomentar a creatividade relacionando rimas de creación

propia e espontánea ou textos literarios clásicos coa música urbana do noso tempo.

- Identificar as músicas urbanas con outros tipos de técnicas compositivas clásicas.
- Recoñecer e tratar textos, aparentemente pouco musicables, convertelos en cancións cun marcado carácter rítmico.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Interpretación dun tema **rap**. Elaboración dunha copla sinxela polos asistentes. Un grupo de voluntarios terá a posibilidade de tocar instrumentos de percusión durante a función e outro grupo pintarán un **graffiti** nun lenzo acondicionado para a ocasión. Realizarase unha pequena exhibición de **break-dance**. No transcurso da actividade interpretaranse, intermitentemente, cancións hip-hop.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



LEIXAPREM: Martín Codax

A cargo de Juan Carlos Vázquez

Descrición

"*Leixaprem*" é un obradoiro de poesía, música e pintura a través do tempo (Século XIII - S. XXI). Unha actividade de creación poética a partir do poema de Martín Codax -"*Eno Sagrad' en Vigo*" (S. XIII)-, cantiga de amigo que emprega o paralelismo.

Obxectivos

- Promover a música e a lectura.
- Fomentar a creatividade do alumnado, relacionando rimas de creación propia e espontánea con textos literarios clásicos.
- Recoñecer o valor cultural do *corpus* poético galego e galego-portugués.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Eno sagrado en Vigo

Letra: Martín Codax
Música: Juan Carlos Vázquez

Soprano

Piano

*Bailava corpo velido,
que nunca ouvera amigo:
amor ey!*

*Bailava corpo delgado,
que nunca ouvera amado
amor ey!*

S

10

11

12

10

11

12

10

11

12

Actividades

Escribir e completar unha cantiga medieval. A partir dun artificio formal, propiciado pola propia estrutura do *leixaprem*, elaborar unha nova versión do poema "*Eno sagrad' en Vigo*" de Martín Codax, acompañado de música modal con carácter improvisatorio.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



XXIII Campaña de promoción da lectura nas Bibliotecas Públicas Municipais

Descrición

O gusto e o amor pola lectura non é innato, aínda que nesta se atopen condicións e medios de desenvolverse a persoa. A aprendizaxe do/a neno/a que non se sente inclinado a ela, esixe ás veces un verdadeiro esforzo, polo que os distintos entes educativos e culturais, como son neste caso as bibliotecas, debemos promover o gusto pola lectura, xa que se trata dun medio indispensable para adquirir cultura. Debemos traballar por espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro, que os/as nenos/as e mozos/as vexan que tamén se poden divertir lendo, mostrar a diversidade que existe nos libros, onde se pode encontrar todo tipo de información, segundo os intereses e afeccións de cada individuo.

Por este motivo emprendemos este curso unha nova campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste concello adquiran gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos respectivos centros de ensino.

Obxectivos

- Coñecer algunhas das bibliotecas do Concello de Oleiros.
- Potenciar a asistencia ás bibliotecas municipais, non só como lugar de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica.
- Espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.
- Achegarnos pola vía da animación aos sectores menos dados á lectura, a aqueles nenos/as, adolescentes e mozos/as que non senten ningún interese por esta.
- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar unha lectura lúdica, crítica e reflexiva que os faga pensar e reflexionar como cidadáns/as máis libres e solidarios.
- Vivir o libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa.
- Promover a reflexión nos diferentes axentes educativos sobre a importancia da lectura como un enriquecemento individual e colectivo.
- Incidir na importancia dos libros de contos, narracións e historietas no desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos/as, adolescentes e mozos/as.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



XXIII Campaña de promoción da lectura nas Bibliotecas Públicas Municipais

Datas

De febreiro a xuño.

Lugares de realización:

- Biblioteca Central Rialeda en Perillo.
- Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.
- Biblioteca P. Municipal Manuel María, en Oleiros.

Destinatarios/as

Dirixida ao alumnado de educación infantil e ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Monitorado

Contratarase monitorado específico para cada actividade.

Actividades

En función das necesidades e da programación de cada centro realizaranse actividades específicas para os distintos cursos que o soliciten:

- Presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento.
- Contacontos.
- Narración ou dramatización de contos, a través dun enfoque lúdico e dunha vivencia activa cos libros.

Contacontos da Compañía Trinke - Trinke
Contacontos de Soledad Felloza
Contacontos de Paula Carballeira
Contacontos de Ramiro Neira
Contacontos de Caxoto
Contacontos de Genma Pardo



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



CONTOS TERRIBLES

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

Descrición

Contos terribles, terroríficos, espantosos e horripilantes...contos de monstros, dragóns, lobos... unha sesión de risa para quitar o medo de enriba! Espectáculo de contacontos, lendas e tradicións populares con monicreques, láminas e obxectos.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.




Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 3 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatralizado.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



O COLE DE LONXEDETODO

A cargo da Compañía Trinke Trinke

Descrición

Os Ratos de Lonxedetodo van toda a vida á escola. Nesta ocasión o Rato Camifuco vai lembrar o seu primeiro día, o medo que tivo que vencer ao despegarse da súa mamá e como descubriu que a ir á escola é gratificante.



Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Contacontos teatral.

Obras

Matías dibuja el sol de Rocío Martínez. Ekaré.
Las lechucitas de Martin Waddell. Alfaguara.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



VIAXE A PARÍS

A cargo da Compañía Trinke Trinke

Descrición

Lilí Gruyère, a máis grande artista de todos os tempos de Lonxedetodo, ven de regresar de París, cidade da luz e do amor. Despois de amosarnos algúns dos números artísticos cos que trunfou nos mellores cabarets e teatros, imos descubrir que Lilí.....ven namorada!

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de educación infantil e 1º ciclo de primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatral.



Obras

El papagayo de Monsieur Hulot de David Merveille e Jacques Tati. Kalandraka.

Mi vecina está enamorada de Régis Lejonc. Kókinos.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



UN CONTO DE TRES NOITES de Xabier P. Docampo

A cargo do contador de contos Caxoto

“... Pois non é para risas, que algo de razón ten ese home –dixo sen virar a cabeza para os que falaban-. Eu sei dunha illa que anda polo mar adiante desde non se sabe cando. Ás veces pasa moito tempo sen que a vexa ninguén...”

Xabier P. Docampo

Descrición

Durante 50 minutos deixarémonos levar polo enigma que fai que unha illa xurda do medio do mar sen previo aviso. Que malos augurios pode traer? Acaso o inmenso mar non gardará alá no fondo historias e segredos que ninguén coñece?

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. Docampo.
- Fomentar a imaxinación.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



XEOGRAFÍA DO IMAXINARIO

Contos e lendas da mitoloxía galega

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Contos e lendas de tradición oral sobre mitoloxía e seres míticos de Galicia.

“Galicia ten un mapa que ás veces non se ve”.

Un mapa que necesita que o volvan a contar porque se non, vaise borrar.

Nel habitan seres pequeniños e grandes, fermosos e feos.

Seres que vivían grazas a que as súas historias se contaban nas tardes de inverno ao calor do lume.

Pero agora, por présas ou esquecementos, poucos falan deles.

Pero basta achegarse a un río, a unha ferverza, e alí sentado nos seus bancos, podes escoitar os contos dos trasnos.

E se vas a un castro, podes saber das noites en que se acenden



fachos para que a memoria se ilumine.

E hai pontes que hai que cruzar no bico dos pés para non espertar á moura que alí vive.

E montes onde as bruxas aprenden a voar nas súas vasoiras.

E pedras que esconden tesouros e covas que gardan dragóns.

E ondas que traen o canto das sereas.

Xuntos trazaremos este mapa de novo, para que poidas percorrer e descubrir unha xeografía diferente, única.”

Obxectivos

- Difundir o coñecemento de contos e lendas da mitoloxía galega.
- Promover a lectura. • Fomentar a imaxinación.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos a través da narración de mitos e lendas galegas: trasnos, mouras...

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



OBRADOIRO INSTANTÁNEAS DE PLASTILINA

A cargo de María Noel Toledo

Descrición

Obradoiro de creación de personaxes con plastilina. Introducción ao volume co modelado de personaxes e a creación dunha pequena escenografía a partir dunha historia coñecida ou unha creada nese momento.

Obxectivos

- Promover a utilización de libros de manualidades.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.



Temporalización

Meses de novembro e decembro.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado, a partir de 7 anos, dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Obradoiro de creación de personaxes con plastilina, tanto no plano como no espazo.

A plastilina permitiralles aprender aspectos de si mesmos e do entorno, así como desenvolver a súa creatividade e imaxinación.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Obradoiros de ilustración

Descrición

Preténdese dar a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos.

Realizaranse talleres de ilustración a través dos cales as nenas e os nenos poidan analizar distintos tipos de ilustracións.

Obxectivos

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

Ilustradores/as

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Marina Seoane, Xosé Tomás, Fran Bueno, Óscar Villán, Marisa Irimia, etc.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarios/as

Para os cursos de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Talleres de banda deseñada

Descrición

Levaranse a cabo talleres de banda deseñada para que aprendan os aspectos básicos do cómic. Para o alumnado que o curso anterior realizara a sesión de iniciación poderase programar para este unha de perfeccionamento.

Obxectivos

- Aprender diferentes técnicas para a realización dun cómic.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promover a lectura de obras de banda deseñada.



Ilustradores/as

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Xosé Tomás, Fran Bueno, Manel Cráneo, etc.

Temporalización

Desde finais de xaneiro a xuño.



Destinatarios/as

Para os cursos de 3º ciclo de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Encontros con escritores/as

Descrición

Encontros literarios con escritores e escritoras, para dar a coñecer e promover aos nosos autores e autoras e as súas obras.

Obxectivos

- Poñer en contacto ao lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a forma de escribir dos distintos profesionais.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autores/as.
- Animar á lectura das súas obras.



Escritores/as

Realizase a actividade en función das programacións e do autor/a que solicite cada centro de ensino.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Para alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



A EXTRACCIÓN DA POESÍA (Obradoiro de poesía xa escrita)

A cargo da escritora Enma Pedreira

Descrición

A través de técnicas de collage, poesía visual, ilusións óptico-poéticas, puzzlepoesía, autoría colectiva e, a partir do xa escrito, descubrimos a poesía e extraemos novos poemas e lecturas mesturando a palabra coa imaxe (fotografía, publicidade, pintura), traballando os conceptos de fondo e forma.



Obxectivos

- Promover a lectura de poesía galega.
- Fomentar o pracer da escrita poética.
- Desenvolver a creatividade.

Temporalización

Meses de febreiro a maio, polas tardes. Dúas sesións de hora e media ou dúas horas.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Obradoiro literario.

Materiais

Material funxible, revistas e xornais, tesoiras.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Obradoiro infantil de poesía

A cargo da poeta Yolanda Castaño

Descrición

Obradoiro de iniciación lúdica á linguaxe poética, dedicado a aqueles nenos e nenas que comezan a manifestar un gusto polas letras, unha imaxinación creativa e unha vontade de xogar coas palabras. Dunha maneira desenfadada e moi activa, xogaremos a crear metáforas a partir da realidade circundante, imaxinarlle novas calidades a obxectos.

Obxectivos

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Fomentar o pracer da escrita poética.
- Desenvolver a creatividade.
- Realizar un obradoiro onde perfeccionar as composicións poéticas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Obradoiro de iniciación á linguaxe poética.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Obradoiro xuvenil de poesía

A cargo da poeta Yolanda Castaño



Descrición


Traballarase tanto con prácticas de estimulación creativa como reforzándoas a partir de textos que conecten co seu mundo. O amor, o erotismo, a dor, a carraxe ou a liberdade son eixos temáticos que proporcionan, á vez, campos aboados para a experimentación poética.

Obxectivos

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Fomentar o pracer da escrita poética.
- Desenvolver a creatividade.
- Realizar un obradoiro onde perfeccionar as composicións poéticas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Obradoiro de creación poética.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



O CORAZÓN DELATOR E OUTROS CONTOS de Edgar Allan Poe. A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

Historias de Edgar Allan Poe, cun breve percorrido polos contos máis representativos do autor que revolucionou a literatura gótica, cos seus relatos de medo e terror psicolóxico.

Historias de persoas aparentemente normais, sinxelas, de vidas case grises, que se ven envoltas en acontecementos fantásticos, sobrenaturais ou fatídicos, que os levan a situacións límites.

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor Edgar Allan Poe.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.


Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora narra diferentes textos.

Actividades

Segundo as idades do público, nállanse diferentes textos: ►

- El Cuervo
- El barril de amontillado
- El corazón delator
- El engaño del globo
- El entierro prematuro
- El gato negro
- El poder de las palabras
- El pozo y el péndulo
- El retrato oval
- La caída de la Casa Usher
- La carta robada
- La cita
- La máscara de la muerte roja
- La verdad sobre el caso del señor Valdemar
- Los crímenes de la calle Morgue
- Manuscrito hallado en una botella
- Un cuento de las Montañas Escabrosas
- El tonel de amontillado



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



CONTOS DE CANDIL QUE NINGUÉN CRE

A cargo de Artestudio Teatro

Descrición

Contacontos baseado nas obras “*Á lus do candil*”, “*Contos da néboa*” e “*Historias que ninguén cre*” de Ánxel Fole

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor galego Ánxel Fole.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos realizado a partir da mestura das súas obras “*Á lus do candil*”, “*Contos da néboa*” e “*Historias que ninguén cre*”.



UN CONTO DE NADAL de Charles Dickens

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

Contacontos baseado na obra *Un conto de Nadal* de Charles Dickens.

O protagonista, o señor Ebenezer Scrooge, é un home avaro que non celebra a festa de Nadal a causa da súa vida solitaria e a súa adicción ao traballo. Non lle importan os demais, o único que lle preocupa son os negocios e gañar diñeiro...

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer unha obra clásica da literatura universal.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos realizado a partir da adaptación da obra *Un conto de Nadal* de Charles Dickens.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



“LA VOZ A TI DEBIDA” de Pedro Salinas

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

A autenticidade, a beleza e o enxeño, os tres alicerces da poesía en que cría don Pedro Salinas, fanse verso e voz neste libro.

“*La voz a ti debida*” (1933) é o primeiro libro da triloxía de temática amorosa formada por esta mesma obra, “*Razón de amor*” (1936) e “*Largo lamento*” (1938).

A orixe de “*La voz a ti debida*”, e da triloxía no seu conxunto, está na historia de amor vivida polo poeta coa profesora norteamericana Katherine R. Whitmore a quen coñeceu en Santander nun curso de verán da Universidade.

Obxectivos

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a creación poética de Pedro Salinas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.




Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Recital de diferentes poesías desta famosa obra de Pedro Salinas.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



Visitas guiadas á BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

Descrición

Con esta actividade preténdese ensinar e explicar o funcionamento da Biblioteca Central Rialeda, para que o alumnado a utilice fóra do seu horario escolar.

Obxectivos

- Coñecer a Biblioteca Central Rialeda.
- Presentar a páxina web municipal e o blog das bibliotecas.
- Aprender a realizar buscas no catálogo.
- Fomentar o uso do libro e a lectura.

Temporalización

Meses de outubro a decembro e de febreiro a xuño.



Destinatarios/as

Realizaranse visitas para todo o alumnado que o soliciten dos diversos centros, pero recoméndanse preferentemente para o do 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO.

Actividades

- Presentación.
- Explicación do funcionamento da biblioteca.
- Páxina web e blog.
- Como buscar libros a través do catálogo?
- Contacontos “Feirantes” a cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira. Realizado a partir da adaptación dalgún relato da obra “Os outros feirantes” de Álvaro Cunqueiro.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



A FAVOR DA IGUALDADE: Conmemoración do Día Internacional da Muller

- Realización de exposicións bibliográficas na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.
- Conferencias e outras actividades sobre temas relacionados coa muller.

“PRÍNCIPAS E PRINCESOS”


A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

Descrición

Faise saber que se buscan príncipes rosas... e princesas azuis! Faise saber que ides escoitar contos de valentes princesas enfrontándose a dragóns e de príncipes que lavan a roupa e pasan o ferro!... son contos de “*Príncipas e Princesos*”. Unha divertida reflexión sobre a igualdade. Espectáculo de narración oral interactivo con contos tradicionais e contemporáneos contados con kamishibai, monicreques de variña e música.

Obxectivos

- Conmemorar o Día Internacional da Muller.
- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.



Temporalización

Mes de marzo.

Destinatarios/as

Dirixido ao alumnado de 3 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatralizado.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



A FAVOR DA IGUALDADE: Conmemoración do Día Internacional da Muller

Contos contados con todas e todos

A cargo do contador de contos Caxoto

Descrición

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos.

As personaxes comprenden a importancia da igualdade de xénero, desempeñan roles non moi usuais ... ensinan que todas e todos debemos ter as mesmas oportunidades.

Obxectivos

- Dar a coñecer o Día Internacional da Muller e a súa importancia.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

Temporalización

Mes de marzo.

Destinatarios/as

Alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



A FAVOR DA IGUALDADE: Conmemoración do Día Internacional da Muller

Mulleres que corren con lobos

A cargo da actriz M^a Inés Cuadrado

Descrición


Conmemoración do Día Internacional da Muller.

Recital de lendas baseado na recompilación de Clarissa Pinkola, interpretado por M^a Inés Cuadrado, con acompañamento en clarinete de Xocas Meijide.



Actividades

Recital de lendas con acompañamento de clarinete.



Obxectivos

- Conmemorar o Día Internacional da Muller.
- Promover a lectura.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

Temporalización

Mes de marzo.

Destinatarios/as

Alumnado de 3^o e 4^o de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

Descrición

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Obxectivos

- Dar a coñecer autores/as e obras infantís e xuvenís.
- Promover a lectura entre os nenos e nenas.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre autores/as e ilustradores/as infantís e xuvenís.
- Fomentar a imaxinación.

Temporalización

Semanas anteriores e posteriores ao 2 de abril.

Destinatarios/as

Alumnado de 3 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

- Exposición de obras de literatura infantil e xuvenil.
- Contacontos teatralizado.

Contos con ovos

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

Descrición

Un contacontos moi moi redondiño... ou máis ben ovalado, onde os protagonistas son os ovos... ¡e o que sae deles! Espectáculo de narración oral, adiviñas, xogos de palabras, obxectos e bonecos.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas




DÍA DO LIBRO

Descrición

Conmemoración do Día do Libro.

Obxectivos

- Presentar obras de Cervantes.
- Dar a coñecer obras e escritores/as que recibiron o Premio Cervantes.
- Promover a lectura entre os adolescentes, mozos/as e adultos/as.
- Difundir obras de creación literaria que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos escritores/as.



Temporalización

- Mes de abril.

Destinatarios/as

Adolescentes, mozos/as e adultos/as.



Actividades

- Mostra de diversas edicións da obra de *“El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha”*.
- Exposición de obras de Cervantes.
- Exposición de obras de autores/as que recibiran o Premio Cervantes.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



DÍA DO LIBRO

"LAS INGENIOSAS DEL HIDALGO: El Quijote en voces de mujeres"

Descrición

A actriz Soledad Felloza relata neste espectáculo varios monólogos curtos nos que se dramatizan diferentes personaxes femininos da obra de Cervantes. Narra diversos capítulos de "El Quijote" nos que as mulleres teñen certo protagonismo:

Quiteria, que en plena voda con Camacho o rico, lembra o seu amor a Basilio, o pobre.

A pastora Marcela, na que destaca o seu discurso co que finalizaba as charlas cos seus namorados.

Claudia Jerónima Cervantes, na que está personalizada a liberdade da muller, con límites tan amplos nos que cabe un erro tan grave como a morte.

Obxectivos

- Promover a lectura do magnífico libro "El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha".
- Difundir a obra de Miguel de Cervantes Saavedra.

Temporalización

Realizaranse actuacións preferentemente no mes de abril.

Destinatarios/as

Para o alumnado de 4º de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS Escritor homenaxeado no ano 2014: **XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO**

Descrición

Conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado no ano 2014 ao poeta **Xosé María Díaz Castro**.

Obxectivos


- Difusión das letras e cultura galegas.
- Dar a coñecer a vida e obra de **Xosé María Díaz Castro**.
- Lembrar obras e escritores/as aos que se lles dedicase o Día das Letras Galegas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos/as escritores/as galegos/as.
- Promover a lectura de libros galegos.

Temporalización

- Abril e maio.

Destinatarios/as

Alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.



Actividades

- Mostra de fondos bibliográficos de e sobre Xosé María Díaz Castro.
- Exposición de obras de autores/as aos que se lles dedicase o Día das Letras Galegas.

- **Charla - coloquio sobre Xosé María Díaz Castro a cargo do profesor, escritor e crítico literario Armando Requeixo**, na que se comentan os aspectos biográficos máis significativos deste autor, así como a importancia e características fundamentais da súa obra.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



GUÍAS DE LECTURA E RECOMENDACIÓN BIBLIOGRÁFICAS

Descrición

Recomendacións de obras pola súa calidade literaria, artística ou científica, infantís, xuvenís e de adultos. Relacións de libros, DVD, CD, por idades, temas ou contidos para difundir a súa lectura e tamén para suxerir como un bo agasallo.

Obxectivos

- Recomendar libros de calidade literaria, artística ou científica para a súa lectura.
- Recordar que un libro tamén é un bo agasallo.
- Dar a coñecer as obras que hai nas bibliotecas municipais sobre un autor, autora ou tema determinado.

Temporalización

- Mes de decembro: recomendación de libros para ler ou agasallar polo Nadal ou Reis.
- Mes de xuño: recomendación de lecturas para o verán.

Destinatarios/as

Todas as idades.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



CLUB DE LECTURA XUVENIL RIALEDA

Xustificación

É unha actividade libre na que poden participar nenas e nenos a partir de 9 anos e adolescentes, onde se len ou comentan diferentes libros, coa que pretendemos fomentar a lectura, animar a ler, que se divirtan coa literatura, que o pasen ben e, en definitiva, formar boas lectoras e lectores.

Descrición

Un club de lectura está formado por un grupo de persoas que se reúnen periodicamente para comentar un mesmo libro. Este libro é facilitado, previamente, pola biblioteca aos nenos/as e adolescentes participantes para que o lean. Cada participante lerao de forma individual na súa casa e nas reunións compartiranse opinións e debateranse distintos aspectos do texto, etc. Comentarase o argumento, recursos literarios, tema que trata ou con que está relacionado, etc.

Unha monitora e o persoal da biblioteca dirixirán a actividade e poderán facilitar material complementario (artigos de prensa, entrevistas, películas, bibliografías, etc.) para o seu desenvolvemento.

Obxectivos

- Promover a lectura e o uso da biblioteca.
- Animar a ler.
- Divertirse coa literatura.
- Formar lectoras e lectores competentes.



Lugar de realización:

Biblioteca Central Rialeda en Perillo.

Temporalización

As sesións son **mensuais**, martes (non festivos), ás 18.30 h e duran unha hora.

Destinatarios/as

Nenas e nenos a partir de 9 anos e adolescentes.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



HORA DO CONTO E NARRACIÓNS DE CONTOS

Descrición

Actividade que se realiza en todas as bibliotecas municipais, para nenas e nenos menores de 10 anos, a través da narración ou dramatización dun ou varios contos, cun enfoque lúdico e cunha vivencia activa e participativa cos libros.

É unha actividade que se desenvolve ano tras ano, como consecuencia do seu recoñecido valor lúdico e educativo, que reside, fundamentalmente, no incentivo á lectura dos máis pequenos. Ademais, as sesións dos contacontos teñen o valor engadido de que inciden no poder da imaxinación e na importancia da tolerancia nas relacións persoais.

Tomando como punto de partida a narración de contos e historias, a poesía, a relación pracenteira cos libros, o xogo coas personaxes de ficción, resáltase o valor da palabra xunto coa articulación de diferentes disciplinas artísticas: a plástica, a música, a expresión corporal, tendo en conta que en todas as historias aparece un mundo de imaxes, un mundo sonoro e un mundo de xestos e accións.

Para a nena e o neno pequeno a palabra oída exerce unha gran fascinación. O conto ou a poesía incorporan vivencial-

mente neles unha cultura que lle pertence, fano participe dunha creación colectiva e outórganlle signos de identidade. O libro oído, visto, tocado, como lectura compartida con outras nenas e nenos, axudaralle no seu contacto coa letra impresa, motivando unha lectura gozosa.

Pretendemos introducir os nenos e as nenas no mundo dos libros a través dunha lectura que poidan comprender, que os faga gozar e divertirse, pero ao mesmo tempo que lles permita reflexionar, educando o seu sentido crítico a través dunha lectura recreativa que contribúa ao desenvolvemento da súa personalidade e os prepare para a vida.



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



HORA DO CONTO E NARRACIÓNS DE CONTOS

Obxectivos

- Que a nena ou neno non lector (ou pouco lector) descubra o libro e desenvolver nel o pracer de ler.
- Que a nena ou neno lector afiance o gusto e o pracer pola lectura.
- Axudar a pasar da lectura pasiva á lectura activa.
- Axudar a descubrir a diversidade dos libros.

Comprender, gozar e reflexionar son os tres principais obxectivos en que se vai basear esta actividade.

Temporalización

- Preténdese que, como máximo, dure uns 45 minutos de cada vez, para que as nenas e nenos máis pequenos non se cansen, dependendo do tamaño e duración de cada conto. Levarase a cabo en todas as bibliotecas municipais. A realización é periodicamente durante todo o ano, dependendo do tamaño e do número de usuarios/as de cada biblioteca municipal. Realízase de febreiro ata finais de maio e de outubro a principios de decembro, diferentes días, segundo cada biblioteca, pero sempre ás 18.30 horas.

Destinatarios/as

Dirixida a nenas e nenos de 3 a 10 anos.

A Hora do Conto e Ler conta moito

nas Bibliotecas Municipais de Oleiros

• Todos os actos terán lugar ás 18:30 h Os días festivos non haberá actuacións

BIBLIOTECA CENTRAL BALEDA, PERILLO
Inicio: • Día 8, a compañía Elifante Elegante co espectáculo "O aviaador"
"Na senda da serpe alada"
• Día 10, o mago Chryseyn Magic co espectáculo
"Os contos de fada"
• Día 17, a compañía Trinke Trinke na Hora do conto
• Día 24, o actor Pablo Barja na Hora do conto
Fin: • Día 31, a actriz Soledad Felloza na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "ROSALBA DE CASTRO", SANTA CRUZ
Inicio: • Día 25, o contador O Fogateiro co espectáculo "O libro animado"
Fin: • Día 2, María Noel Toledo co actividade "Instanancias de plastilina"
• Día 9, a narradora Nita co espectáculo "A ciencia é divertida"
• Día 23, o actor Ramiro Neira co Hora do conto
• Día 29, a compañía Trinke Trinke co Hora do conto
Fin: • Día 30, a actriz Paula Carballera co Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL MANUEL MARIA, OLEIROS
Inicio: • Día 24, a contadora Carmen Doméch co espectáculo "Contoscontos de libros contados"
Fin: • Día 1, a compañía Sarabela Teatro co espectáculo "Contoscontos"
• Día 8, a compañía Elifante Elegante co espectáculo "O aviaador"
• Día 15, a compañía Larraitz co actividade "Teresas nas mans"
• Día 29, o contador Caxoto, na Hora do conto
Fin: • Día 12, a actriz Soledad Felloza na Hora do conto
• Día 26, o actor Ramiro Neira na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ANXEL FOLE, NÓS
Inicio: • Día 17, Felisa Fernández co contoscontos "As dúbidas dos animais"
Fin: • Día 4, a compañía Maspalotas Teatro co espectáculo "Abrapalabra"
• Día 11, a compañía Larraitz co actividade "Teresas nas mans"
• Día 18, a actriz Soledad Felloza na Hora do conto
Fin: • Día 6, o actor Riquel Quevedo na Hora do conto
• Día 22, o actor Ramiro Neira na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL FEDERICO GARCÍA LORCA, MONTEIRO
Inicio: • Día 24, a compañía Expresión Producións co espectáculo "O aviaador"
"Contos para todos"
• Día 30, a compañía Elifante Elegante co espectáculo "O aviaador"
Fin: • Día 8, a compañía Expresión Producións co espectáculo "O aviaador"
• Día 15, a compañía Maspalotas Teatro co espectáculo "Abrapalabra"
• Día 22, a actriz Paula Carballera na Hora do conto
Fin: • Día 6, o contador Caxoto na Hora do conto
• Día 19, a compañía Trinke Trinke na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOABAR MENDIÑO, LORBE
Inicio: • Día 25, a compañía Larraitz co actividade "Teresas nas mans"
Fin: • Día 2, a narradora Nita co espectáculo "A ciencia é divertida"
• Día 16, a compañía Creaire co espectáculo "Ara nos libros"
• Día 23, o actor Ramiro Neira na Hora do conto
Fin: • Día 6, o actor Soledad Felloza na Hora do conto
• Día 20, o actor Soledad Felloza na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M. JOSÉ TRINCADO, MERA
Inicio: • Día 17, a compañía Maspalotas Teatro co espectáculo "Abrapalabra"
Fin: • Día 6, María Noel Toledo co actividade "Instanancias de plastilina"
• Día 13, a compañía Xarrela co actividade "Animación ou espectáculo "Mira como chei conto!""
• Día 25, o actor Ramiro Neira na Hora do conto
Fin: • Día 15, a contadora Pipireta na Hora do conto
• Día 29, a actriz Riquel Quevedo na Hora do conto

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M. JOSÉ RUSO, DORNEDA
Inicio: • Día 23, María Noel Toledo co actividade "Instanancias de plastilina"
Fin: • Día 7, a compañía Expresión Producións co espectáculo "Contos para todos"
• Día 14, a compañía Migalhas Teatro co espectáculo "Cantacontos"
• Día 20, a contadora Marias Trima na Hora do conto
Fin: • Día 6, o contador Caxoto na Hora do conto
• Día 13, a compañía Trinke Trinke na Hora do conto

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas




TALLERES DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS

Descrición

Consiste no comentario dun libro, fundamentalmente do xénero narrativo, pero tamén se procura ler teatro, poesía e ensaio. Este libro é facilitado, previamente, pola biblioteca ás persoas participantes para que o lean. Dependendo de como sexa o libro coméntase o argumento, recursos literarios, tema que trata ou con que está relacionado, etc. Unha monitora e o persoal da biblioteca dirixen a actividade facilitan material complementario (artigos de prensa, entrevistas, películas, bibliografías, etc.) para o seu desenvolvemento.

Pode complementarse a actividade cun encontro con algún escritor, algunha escritora ou algunha persoa especialista do tema que trate o libro.

O número máximo de participantes en cada sesión é de 20 persoas, debido a que hai que ter un libro para cada participante e non se mercan máis de 20 exemplares de cada título.



Xustificación

É unha actividade totalmente libre, na que poden participar persoas mozas e adultas, onde se len ou comentan libros de diferentes autores/as.

Pretendemos animar a ler, gozar da literatura, como un desenvolvemento da capacidade de entender, valorar e gozar da creación literaria a través da lectura, de forma que compartindo ideas, reflexionando sobre temas diversos, analizando a propia visión do mundo, poidamos enriquecernos co punto de vista dos demais.

Preténdese ir descubrindo a forma de escribir de cada autor e autora, os distintos estilos, o tipo de linguaxe que utiliza, etc. Intentaremos aproximarnos ás diversas obras elixidas a través de diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual, etc. e analizar os textos escritos, os procedementos e características máis importantes de cada obra.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



TALLERES DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS

Obxectivos

- Promover a lectura e o uso da biblioteca, destacando que esta non só ofrece servizos aos estudantes, senón tamén a toda a poboación.
- Animar a ler, gozar da literatura, como un desenvolvemento da capacidade de entender valorar e gozar da creación literaria.
- Descubrir a forma de escribir de cada autor e autora, os distintos estilos, o tipo de linguaxe que utiliza, etc.
- Aproximarse ás diversas obras elixidas a través de diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual, etc.
- Analizar os textos escritos, os procedementos e as características de cada obra.

Lugares de realización:

- Biblioteca Central Rialeda (Perillo)
- Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.

Destinatarios/as

Mozas/os e adultas/os.

Grupos e temporalización

Na Biblioteca Central Rialeda (Perillo) hai dous grupos, de 20 persoas cada un, polo que as sesións son quincenais, os mércores (non festivos), ás 17.30 h (dúas horas de duración). Na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz as sesións tamén son quincenais, os luns, ás 18.30 horas (unha hora e trinta minutos de duración).



2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

Descrición

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consistirá no recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres e homes ilustres, como unha homenaxe a todos eles. Comezamos en Dorneda, no antigo Pazo de Xaz, co ilustrado liberal e xornalista Manuel Pardo de Andrade, trasladámonos a Montrove onde naceu a matemática María Wonenburger, posteriormente desprazámonos a Oleiros onde traballou o escritor Manuel Lugrís Freire.

Obxectivos

- Dar a coñecer diferentes mulleres e homes ilustres que viviron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

Temporalización

- Durante o curso escolar.



Destinatarios/as

O folleto e a presentación destas persoas e lecturas realizarao o alumnado dirixido polo seu profesorado. Poderán participar no roteiro o alumnado de 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

- Realización dun folleto explicativo sobre estes lugares e personaxes.
- Roteiro cultural e literario polos diferentes lugares mencionados na descrición.

2. Actividades de promoción da lectura ► Bibliotecas



ACTIVIDADE	CURSOS OU IDADES
► Obradoiro de curtametraxes	ESO e bacharelato
► Abrapalabra	Ensinanza primaria
► Hip Hop poema pop	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Leixaprem: Martín Codax	ESO
► XXIII Campaña de promoción da lectura	Educación infantil e primaria
► Contos terribles	Alumnado de 3 a 9 anos
► O cole de Lonxedetodo	Educación infantil
► Viaxe a París	Educación infantil e 1º ciclo de ensinanza primaria
► Un conto de tres noites	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Xeografía do imaxinario	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Obradoiro Instantáneas de plastilina	A partir de 7 anos
► Obradoiros de ilustración	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Talleres de banda deseñada	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Encontros con escritores/as	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria, ESO e bacharelato
► A extracción da poesía	ESO e bacharelato
► Obradoiro infantil de poesía	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Obradoiro xuvenil de poesía	ESO e bacharelato
► O corazón delator e outros contos	ESO e bacharelato
► Contos de candil que ninguén cre	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Un conto de Nadal	ESO e bacharelato
► “La voz a ti debida”	ESO e bacharelato
► Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► A favor da igualdade: “Príncipas e princesos”	Alumnado de 3 a 9 anos
► Contos contados con todas e todos	Ensinanza primaria
► Mulleres que corren con lobos	3º e 4º de ESO e bacharelato
► Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil: Contos con ovos	Alumnado de 3 a 9 anos
► Día do Libro: “Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres”	4º de ESO e bacharelato
► Día das Letras Galegas: Actividades sobre Xosé María Díaz Castro	ESO e bacharelato
► Guías de lectura e recomendacións bibliográficas	Todas as idades
► Club de Lectura Xuvenil Rialeda	A partir de 9 anos e adolescentes
► Hora do conto, narración de contos e contacontos	De 3 a 10 anos
► Talleres de lectura e tertulias literarias	Mozas/os e adultas/os
► Roteiro cultural e literario	6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato